

Convocatoria de eleccións á Presidencia do C. M. Xistra 2018

PROCESO ELECTORAL EN XISTRA

Estimados Socios:

Segundo a normativa vixente, este ano 2018 correspóndelle ó **Clube de Montaña Xistra** a realización do seu proceso electoral para **elección de Presidente da entidade**. Segundo o procedemento estatutario habitual establécese o seguinte **regulamento** e **calendario electoral**:

REGULAMENTO

Tódolos socios poden ser elixidos e poden elixir, se cumpren os seguintes criterios: ter máis de 18 anos o día das votacións, estar en plena capacidade de obrar libremente como persoa física, non ter aberto expediente inhabilitador, e ter licenza federativa do ano en curso (2018) e do precedente (2017), ambas tramitadas dende Xistra. Os candidatos a Presidente deberán presentar 3 avais doutros socios con dereito a voto.

CALENDARIO ELECTORAL 2018 XISTRA

26/11/18	Convocatoria de Eleccións: Inicio proceso electoral. Exposición do Censo Electoral: estará dispoñible no taboleiro de información do club. Comezo do prazo de presentacións de reclamacións ó Censo.
28/11/18	Sorteo entre o Censo para a elección dos Membros da Xunta Electoral (3 persoas). Finalización do prazo de presentación de reclamación ó Censo. Notificación e toma de posesión dos Membros da Xunta Electoral.
29/11/18	Resolución pola Xunta Electoral das impugnacións ó Censo. Apertura de admisións de candidaturas para Presidente do club.
03/12/18	Peche de admisión de candidatos. Publicación de candidatos no taboleiro de información do club. Inicio do prazo de impugnación de candidaturas.
04/12/18	Finaliza o prazo de impugnación de candidaturas.
05/12/18	Resolución pola Xunta Electoral dos recursos sobre candidaturas e publicación da listaxe definitiva de candidatos no taboleiro de información do club.
10/12/18	Eleccións. Ás 18:00 horas inicio das votacións. 22:00 horas fin das votacións e recuento. Escrutinio e resolución. Listaxe provisional de resultados. Inicio do prazo de reclamacións do proceso de eleccións.
11/12/18	Fin do prazo de reclamacións.
13/12/18	Estudo pola Xunta Electoral das reclamacións e resolución das mesmas. Publicación definitiva dos resultados.
14/12/18	Asemblea Xeral Extraordinaria para toma de posesión do novo Presidente electo.

No caso de que o día 05/12/18 só existise unha única candidatura, está sería considerada como electa: non será aberto o proceso de votacións e darase por finalizado o proceso electoral nese intre. De producirse este caso non haberá opcións a reclamacións, facéndose a publicación definitiva dos resultados nun prazo máximo de 8 días.

X. Henrique Freixeiro Cameselle
Presidente en funcións

Vigo, 26 de novembro de 2018

